



TERRA GELANOVA
TURÉS

RELATO » DESCUBRINDO A MIÑA ESENCIA VIAXEIRA: UNHA OLLADA ÁS MIÑAS RAÍCES GALEGAS

Aínda soño cando recordo a miña nai preocupada, buscándome pola casa da avoa na miña pequena aldea galega, mentres eu, tranquila e feliz, estaba a recoller moras na horta, só, sen preocupacións e segura do que facía ¡cos meus 3 anos! Que liberdade e xogos dá a aldea! Que felicidade para os que a coñecemos chea de xente e vida! Si, toda a miña vida vou a botar de menos aos que alí vivían, as súas cariñosas palabras, as risas, os olores das sábanas na cama, o café na cociña de ferro e o andar dos meus avós e tío, no seu seguro e sosegado quefacer diario.

Outro recordo da miña infancia lévame ao calor dunha enorme casa na que vivíamos no segundo andar, propiedade da dona dunha empresa de reloxos de luxo. Desde a xanela do salón admiraba o profundo manto de neve que cubría o paisaxe do Jura suízo. Recordo con emoción o son das campás das vacas, as tardes de esquí e patinaxe, o colexio, os xogos e os meus amig@s da infancia. Tamén recordo as postais que nos enviaba a dona da casa nos seus viaxes polo mundo para vender os seus reloxos. A miña querida Madame Piguet falaba 9 linguas! Exipto, Grecia, Italia, miña irmá e eu tiñamos postais de todos os recunchos... alí comecei a soñar con falar moitas linguas, viaxar e gozar das belezas deste planeta. Si, o turismo e a comunicación sempre me gustaron...

A vida non se resume a 2 momentos, pero son 2 momentos fundamentais para entender quen son e cal é a miña aposta. Xa adulta, quixen volver un tempo prolongado a Galicia, co fin de redescubrir as miñas raíces e gozar dos meus avós. Pero para sorpresa da miña familia... decateime de que quería quedar.

Os meus estudos e formación, a miña experiencia profesional e o meu camiño persoal na vida, deron lugar a un proxecto vital que se foi convertendo en realidade. Unha aposta pola cultura galega, o patrimonio cultural e natural, polo turismo sostible e polas tradicións do interior de Galicia.

Así nace a miña primeira aposta fai 20 anos: "VisitOurense by Rosa Dorado", unha iniciativa de visitas guiadas centrada na provincia de Ourense e que se complementaría no ano 2016 coa fundación de "Genuine Galicia", un proxecto de turismo máis completo, que une a ilusión e experiencia dunha aposta adulta coas emocións do recordo.

Querido viaxeiro, invítoche á miña terra [Xenuína], e se quixeres... acompañame neste viaxe e descubramos A TÚA Galicia Interior!



www.genuinegalicia.com • [instagram: www.instagram.com/genuinegalicia](https://www.instagram.com/genuinegalicia) • [facebook: www.facebook.com/GenuineGalicia](https://www.facebook.com/GenuineGalicia)



DEPUTACIÓN
OURENSE

inorde

OU
OURENSE

galicia

XUNTA
DE GALICIA